



MOCIÓN

EN CONTRA DA INTENCIÓN DE DESMANTELAR Á FLOTA PESQUEIRA GALEGA, ANUNCIADA POLO COMISARIO SR. FISCHLER

A integración do Estado español na Unión Europea (1986) incluíu de cheo ao sector pesqueiro galego no conxunto de medidas, criterios e representacións que conforman a denominada "Política Común de Pesca". Dezaseis anos de experiencia son suficientes para avaliar o impacto de aplicación da "P.C.P." sobre o sector pesqueiro galego. Abonda dicir que, neste período, non existe en toda a UE un caso de redución de flota e de emprego na pesca como o que ten padecido Galiza.

Neste momento, **a Comisión Europea, através do Comisario Sr. Fischler, ven de facer pública a súa intención de desmantelar boa parte da flota pesqueira galega**, a efectivizar a partires do 1 de xaneiro de 2003.

Galiza, primeiro país pesqueiro de Europa, é a zona máis altamente dependente da pesca en termos económicos, sociais e de emprego. Neste contexto, é fundamental que o conxunto da sociedade galega reaccione en defensa dunha actividade que, como a pesca, é motor da súa economía.

Por elo, o GRUPO MUNICIPAL DO **BNG** NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, propón que polo Pleno da Corporación Municipal se adopte o seguinte

ACORDO:

1. Manifestar que, a Corporación Municipal, rexeita a reforma da "Política Común Pesqueira", formulada pola Comisión Europea.
2. Demandar a presenza de Galiza nos órganos europeo de decisión en materia de política pesqueira.
3. Reivindicar unha nova Política de Pesca baseada nas seguinte liñas:
 - ✓ Igualdade de acceso aos caladoiros, sen discriminación para a flota galega.
 - ✓ Derogación do Principio de estabilidade relativa.
 - ✓ Defensa dos acordos pesqueiros con terceiros estados e organizacións rexionais de pesca.
 - ✓ Mantemento das axudas estruturais para a renovación da flota, equipamentos portuarios, instalacións pesqueiras, etc.
 - ✓ Declarar oficialmente a Galiza como zona altamente dependente da pesca.
 - ✓ Introducir unha directriz social para humanizar e dignificar as condicións de traballo e seguranza no mar.
4. Apoiar activamente as medidas ou accións sociais que se articulen en defensa do sector pesqueiro galego.
5. Comunicar o acordo á Comisión Europea, Congreso dos Deputados e Parlamento de Galiza.

Vilagarcía, 5 de xuño de 2002

Xosé Castro Ratón

Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA